

PROCEDEMENTO DE REVISIÓNS E CUALIFICACIÓNS SOBRE O PROCESO DE APRENDIZAXE, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

PUBLICIDADE DO PROCEDUREMENTO DE REVISIÓNS E CUALIFICACIÓNS SOBRE O PROCESO DE APRENDIZAXE, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

-As Normas de Organización e Funcionamento do centro (N.O.F.) recollerán este procedemento para garantir e facilitar a comunicación entre o alumnado, as familias, as persoas docentes titoras, o resto do profesorado e os órganos de coordinación didáctica coa finalidade de atender as incidencias que poidan xurdir ao longo do curso académico no proceso de valoración e avaliación da aprendizaxe de cada alumno e alumna.

-Os distintos departamentos farán públicos na páxina web do centro, na aula virtual de cada curso e mediante copia en papel en cada aula os obxectivos específicos, grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e os procedementos e os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación da programación didáctica de cada materia

-O centro fará públicos na páxina web do centro os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación que a Comisión de Coordinación Pedagóxica (C.C.P.) e o equipo docente establezan na proposta curricular e nas programacións didácticas. Ademais cada grupo será informado polo seu titor/a a principio de curso.

ACLARACIÓNS ACERCA DAS INFORMACIÓNS SOBRE O PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO POR PARTE DO PROFESORADO QUE LLE IMPARTE CLASE

Tal e como recolle a Orde do 2 de marzo de 2021 no seu artigo 3 punto 3 o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar aclaracións ao profesorado e á persoa docente titora acerca das informacións sobre o proceso de aprendizaxe.

Procedemento alumno/a

O alumnado ten dereito á revisión de todos os exames que faga así como a solicitar do profesor/a todas as aclaracións que considere necesarias.

Procedemento familias

1. Cando as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal do alumnado queira solicitar aclaracións sobre o procedemento de aprendizaxe solicitará, en primeiro lugar, unha reunión co titor/a indicándolle de que materias concretas solicita esa información.

2. Unha vez que se produza esta reunión, e no caso de que non sexan suficientes as aclaracións feitas, as familias poderanlle solicitar á persoa titora unha nova cita cos profesores/as que consideren oportuno para unha maior explicación do proceso de aprendizaxe nesa materia. A maior brevidade posible a persoa titora ou ben o profesor/a correspondente concretará data e hora desa reunión. A esa reunión poderán asistir outras persoas ademais de proxenitores ou persoa responsable legal, sempre e cando estes así o consideren oportuno.

3. En relación coas probas escritas as familias, unha vez recibidas as aclaracións oportunas do profesor/a correspondente, teñen dereito a levar copia das mesma para os efectos que consideren oportunos. Se algún profesor/a estima axeitado enviarlle copia desas probas sen ter dado persoalmente as aclaracións oportunas á familia tamén o poderá facer.

PROCESO DE RECLAMACIÓN FORMAL DE CUALIFICACIÓN E DE DECISIONS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN ANTE O CENTRO

PROCEDEMENTO

1. O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeña a representación legal poderán solicitar **aclaracións** ao profesorado e á persoa docente titora acerca das informacións sobre a cualificación ou as decisións tomadas en relación á promoción ou titulación.
2. No caso de persistir o desacordo, no prazo de dous días lectivos poderán solicitar **por escrito** a revisión de devandita cualificación ou decisión, incluíndo as alegacións que xustifiquen tal desconformidade, sendo tramitada a través de Xefatura de Estudos.

PRAZOS

Nos dous días lectivos posteriores a terse entregado ao alumnado e as familia as cualificacións finais.

ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS

1. O xefe de estudos remitirá este escrito ao equipo docente ou ben ao departamento didáctico implicado, comunicándolle tal circunstancia á persoa titora. No caso de reclamación por promoción ou titulación remitirase tamén o escrito á persoa titora.

2. No día lectivo seguinte a finalización do prazo de reclamacións cada equipo docente ou departamento didáctico, segundo proceda, analizará as reclamacións recibidas e elaborará os informes correspondentes que recollan a descrición dos feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de modificación ou ratificación da cualificación final obxecto de revisión.

a) No proceso de revisión da cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito contrastaranse as actuacións seguidas co establecido na programación didáctica, con especial referencia aos seguintes aspectos que deben recollerse no informe: a adecuación dos contidos e os criterios de avaliación, adecuación do procedemento e instrumentos de avaliación aplicados, correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos e a decisión debidamente motivada de ratificación ou modificación da cualificación final.

Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico xefatura de estudos e a persoa titora considerarán a pertinencia de reunir ao equipo docente en caso de ser necesario revisar decisións adoptadas.

b) No proceso de revisión da decisión de promoción ou titulación celebrarase unha reunión extraordinaria do equipo docente no prazo máximo de dous días lectivos para revisar a reclamación presentada. Recollerase en acta extraordinaria a descrición dos feitos e as actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións e a ratificación ou

modificación da decisión obxecto da revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou titulación, establecidos con carácter xeral na proposta curricular.

3. A dirección do centro comunicará por escrito ao alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, que porá fin ao procedemento de revisión.

As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

Se tras o proceso de reclamación houber algunha modificación a secretaria, co visto e prace da dirección, anotarás nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

PROCESO DE RECLAMACIÓN FORMAL DE CUALIFICACIÓNS E DE DECISIONS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN ANTE AS XEFATURAS TERRITORIAIS

PROCEDEMENTO

Se tras o procedemento de reclamación no centro persiste o desacordo por parte do alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, poderán presentar reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Educación. Dita reclamación presentará por escrito á dirección do centro. (Vid. Circular 20/21 Puntos 2 e 3)

PRAZOS

Dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación da resolución da reclamación ante o centro coa que están en desacordo.

ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS

1. A dirección do centro remitirá o expediente á xefatura territorial antes de tres días hábiles desde que se presentou.
2. O Servizo de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista das programacións didácticas correspondentes, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación, nun prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente. A resolución comunicárase á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e que será consignada pola secretaria nos correspondentes documentos oficiais.
3. A resolución da xefatura territorial poñerá fin á vía administrativa.

NOVA NORMATIVA

-Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación

infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato. DOGA do 11 de marzo de 2021.

-Circular 20/21 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, para o curso 2020-2021.

ANEXOS

Na Circular 20/21 aparecen os seguintes:

- Modelo Reclamación ante o centro.
- Modelo informe de departamento/equipo docente.
- Modelo comunicación dirección reclamación cualificacións.
- Modelo reclamación ante a Xefatura Territorial.

PROCEDEMENTO DE REVISIÓNS E CUALIFICACIÓNS SOBRE O PROCESO DE APRENDIZAXE, PROMOCIÓN E TITULACIÓN

TRÁMITES E ACTUACIÓNS		PRAZO
Presentación	Reclamación formal ante a dirección	29 e 30 de xuño
Revisión no centro	a) Revisión por parte do departamento, no caso de reclamarse a cualificación dunha nota	1 de xullo
	b) Reunión do equipo docente, no caso de reclamarse a promoción ou titulación.	1 / 2 de xullo
	Resolución e comunicación da reclamación	3 de xullo
Reclamación ante á Xefatura Territorial	Presentación da reclamación ante a dirección do centro	6/7 xullo
	Notificación da resolución	Tras o proceso de revisión